

Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

CONVENIO PARA PROMOVER O INCREMENTO PROGRESIVO DA OFERTA DE PRAZAS PUBLICAS NO PRIMEIRO CICLO DE ESCOLAS INFANTIS ANO 2019
IMPORTE 219.345,60€

REUNIDOS

Por unha banda, D. Xulio Ferreiro Baamonde, alcalde do Concello da Coruña, en representación do Concello da Coruña, con NIF 1503000J e domicilio para os efectos de notificación na praza de María Pita, 1, 15001, A Coruña.

Por outra banda, D. Eduardo Aceña García, en calidade de presidente da Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos, con NIF G15074743, y domicilio fiscal en rolda de Outeiro, nº 325, 15011, A Coruña.

Ambas partes recoñécense reciprocamente a capacidade legal dabondo e precisa para outorgaren o presente convenio e para tal fin,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos (en adiante Real Institución) é unha asociación de fins benéfico-sociais e asistenciais sen ánimo de lucro, que ten como fins estatutarios propios o servizo de gardería infantil, entre outros análogos de servizo social á comunidade.

1

SEGUNDO.- No marco das súas actividades, promoveu a construción dunha escola infantil que se puxo en funcionamento en setembro de 2014 (curso escolar 2014-2015), denominada Escola Infantil Carmen Cervigón. A escola está autorizada para ofertar 95 prazas do primeiro ciclo de Educación Infantil, que se distribúen do seguinte xeito:

- 1º de Educación infantil (0-1 anos): 16 prazas (2 unidades),
- 2º de Educación infantil (1-2 anos): 39 prazas (3 unidades),
- 3º de Educación infantil (2-3 anos): 40 prazas (2 unidades).

TERCEIRO.- Que o Concello da Coruña entende que a actividade de prestación do servizo de educación infantil de primeiro ciclo é de interese xeral para o conxunto da cidade e, en consecuencia, o orzamento vixente recolle unha subvención a nome de esta entidade por un importe de 219.345,60€, coa finalidade de promover o incremento progresivo de oferta de prazas públicas no primeiro ciclo de escolas infantís.

Que o Concello pretende, a través del, fomentar o aumento de prazas educativas na cidade, ao abeiro do deber establecido con carácter xeral para tódalas administración públicas de promover o incremento progresivo da oferta de prazas públicas no primeiro ciclo de educación infantil recollido no artigo 15 da Lei orgánica 2/2006, de Educación.

Que tendo en conta que o Concello vai a subvencionar o funcionamento da dita escola, nas condicións que se establecen neste convenio, a través dos créditos

Área de Xustiza Social e Coidados

Servizo de Educación

consignados na aplicación 51 323 48950, débesele esixir á Real Institución o sometemento da escola ao Regulamento de organización e funcionamento das escolas integradas na rede de escolas infantís municipais (REIM en adiante).

CUARTO.- A lei 38/2003, xeral de subvencións (LXS en adiante), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas administracións públicas a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou de interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

QUINTO.- Do mesmo xeito, a LXS no seu artigo 22.2 dispón que poderán concederse de xeito directo as subvencións recollidas de xeito nominativo nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

SEXTO.- A Real Institución presentou a documentación precisa para a tramitación do expediente no Rexistro Xeral do Concello o día 24.04.2019.

SÉTIMO.- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa reguladora de subvencións, e, sobre a base do exposto, as dúas partes acordan subscribiren o presente convenio, consonte as seguintes.

2

CLÁUSULAS

PRIMEIRA .- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello da Coruña e a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos, coa finalidade de contribuír a financiar, durante o exercicio 2019 o funcionamento da Escola Infantil Carmen Cervigón a través do financiamento das 95 prazas do primeiro ciclo de educación infantil que a Real Institución oferta a través da escola. Financiarase exclusivamente o custo da escolarización —á que se refire o artigo 19 REIM— das ditas prazas. O financiamento non abrangue os servizos complementarios, aos que se refire o artigo 20 REIM.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

O Concello comprométese a achegar como máximo, durante 2019, a cantidade de 219.345,60€, con cargo á aplicación orzamentaria 51 323 489 50.

Área de Xustiza Social e Coidados

Servizo de Educación

A Real Institución comprométese a que a Escola Infantil Carmen Cervigón se someta ás determinacións contidas no Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM) do Concello da Coruña (BOP número 72 do 15 abril de 2014), coas excepcións que se indican máis adiante.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES

No financiamento das actividades terase en conta o seguinte:

- A. O financiamento pola cantidade máxima indicada correspóndese co suposto de ocupación das 95 prazas ofertadas. No caso de que a ocupación sexa menor, o importe da subvención reducirase de xeito proporcional.
- B. En relación co artigo 32 do Regulamento da LXS enténdese a achega municipal coma un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda a conta do beneficiario a diferenza de financiamento precisa para a total execución da actividade subvencionada. Porén, a actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula segunda do convenio e coas tarifas aboadas pola prestación do servizo de escola infantil, que terán a natureza de financiación afectada á actividade.
- C. Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro deste polo importe que rebase o custo total da actividade, consonte o artigo 32.2 do regulamento da LXS aprobado polo real decreto 887/2006, do 21 de xullo (en adiante RLXS).
- D. Esta subvención será compatíbel con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado (mesmo que sexa este Concello), sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidera establecer a normativa reguladora de ditas subvencións ou axudas.
- E. Consonte o disposto no artigo 34 do RLXS, sendo compatible dita achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso de subvencións percibidas de distintas entidades públicas ao respecto do custo total da actividade e fosen compatíbeis entre si, o beneficiario deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvención concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso até o límite da subvención aboada en virtude deste convenio.
- F. A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflecta o financiamento previsto, no intre da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

CUARTA.- OBRIGAS DA INSTITUCIÓN

A Real Institución comprométese a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e a finalidade para os que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.

Área de Xustiza Social e Coidados

Servizo de Educación

- d) Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
- e) Establecer e no seu caso manter as medidas de coordinación necesarias co SME para o correcto desenvolvemento do proxecto.
- f) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención, a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis adecuados.
- g) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, así como ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos que proceda.
- i) Presentar a xustificación no prazo de dous meses a partires da xustificación do convenio, mediante a documentación esixida nos artigos 30 e seguintes da LXS e no artigo 37 da ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do propio concello.
- j) Facer constar explicitamente en todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación, o logotipo do Concello da Coruña en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e sinalar a colaboración do Concello no seu financiamento.
- k) Empregar nas comunicacións escritas e nas actividades a desenvolver nos diferentes proxectos unha linguaxe inclusiva e non sexista.
- l) Empregar a lingua galega nas comunicacións escritas e nas actividades a desenvolver.
- m) Presentar a xustificación do cumprimento deste convenio no Rexistro Xeral de Entrada do Concello, mediante a documentación esixida na cláusula sétima, no prazo dous meses dende a data de finalización das actividades do programa.
- n) O custo das prazas que se oferten na citada escola será o establecido polo Concello para as escolas integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM), e dará dereito a 6 horas diarias de atención educativa e ao servizo de orientación aos menores, establecendo o Concello os diferentes tipos de tarifas, tanto por praza escolar como por servizos complementarios, someténdose ao mesmo réxime de admisión que as escolas de titularidade municipal. A suma do importe desta e doutras subvencións e o das tarifas por escolarización cobradas ás familias, non poderá superior ao custo establecido polo Concello para as escolas da REIM.
- o) O Regulamento será de aplicación na súa integridade nos capítulos I al VI; en canto ao capítulo VII, as prazas ofertadas polo centro someteranse ao réxime económico contido no artigo 27 (determinación do custo das prazas e dos servizos complementarios polo Concello, determinación de tarifas xeral e reducidas a aboar polos usuarios), excluíndose a aplicación dos artigos 28 en

Área de Xustiza Social e Coidados

Servizo de Educación

canto ao pagamento da achega municipal (aplicarase o previsto na normativa de subvencións), 29 relativo a empresas concesionarias e 30, referido a obras e mantemento de edificios de titularidade municipal.

QUINTA.- GASTOS SUBVENCIONÁBEIS

Considéranse gastos subvencionábeis aqueles que de xeito indubidábel respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen nos prazos establecidos neste convenio (xaneiro a decembro de 2019), tales como gastos de persoal directamente afectado á actividade, gastos de profesionais, subministros e servizos efectuados polos provedores... En todo caso, debe acreditarse no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade.

Sen prexuízo da súa subvencionabilidade por outros conceptos, non serán subvencionables como custos de persoal os seguintes:

- 1.º A percepción salarial correspondente á participación en beneficios.
- 2.º As prestacións en especie, as dietas por viaxes, aloxamento e manutención, así como o resto de percepcións extrasalariais distintas das mencionadas no anterior apartado.
- 3.º As indemnizacións e salarios abonados en beneficio dos participantes nas actividades subvencionadas.
- 4.º As indemnizacións por extinción de contrato, excepto cando teña lugar polas causas previstas nas letras a) e b) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores, polo seu importe legal.

Para calcular os custos de persoal terase en conta soamente o tempo efectivo dedicado actividades obxecto da subvención, incluíndose as vacacións, os días de libre disposición, ou o tempo de asistencia a cursos de formación relacionados co posto de traballo, a condición de que o seu desempeño teña conexión coa actividade subvencionada.

No caso de dedicación parcial ás actividades subvencionadas, as vacacións e días de libre disposición deberanse imputar a pro rata entre o tempo total traballado e o tempo dedicado ás mesmas.

Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Só serán subvencionábeis gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa sinatura. Non serán subvencionábeis os gastos de investimento nin os de natureza inventariábel.

En ningún caso, o beneficiario poderá contratar servizos ou subministros con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1. Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente.
2. Que o importe subvencionábel non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. O acreditamento do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para acreditar os gastos do beneficiario.

A Institución poderá subcontratar a execución da actividade obxecto do presente convenio até unha porcentaxe que non excederá do 10% da contía financiada polo

Área de Xustiza Social e Coidados

Servizo de Educación

Concello. Tal como recolle o artigo 29 da LXS enténdese que un beneficiario subcontrata con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación de aqueles gastos en que teña que efectuar o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

O réxime de subcontratación suxeitarase a os seguintes límites:

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 10% establecido nesta cláusula, admitirase coma gasto subvencionable só ata o 10% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custe da actividade subvencionada agás que este incremento supoña un valor engadido a actividade que deberá ser acreditado.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización polo órgano concedente da subvención sempre que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

6

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionábeis poderá ser superior ao valor de mercado.

En relación con gastos indirectos ou gastos xerais da entidade poderanse imputar á conta xustificativa gastos xerais da Institución até un 20% do orzamento da actividade presentado coa solicitude, ou do gasto executado se é menor, acreditando os mesmos cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pago efectivo dos mesmos.

A entidade poderá optar por imputar como gastos xerais até un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderá imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral agás que se acredite nos xustificantes de gastos que se trata de un gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas posibilidades.

Área de Xustiza Social e Coidados

Servizo de Educación

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionábeis só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindíbeis para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Cando o importe do gasto subvencionábel supere as contías fixadas na *Lei estatal 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público* para o contrato menor, o beneficiario terá que solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, antes de contraer o compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

SEXTA.- ABOAMENTO DA SUBVENCION

Con carácter xeral o aboamento da subvención realizarase tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste convenio.

Perderase o dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto da falla de xustificación ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

Tamén poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, coma financiación necesaria para levar a cabo as actividades obxecto da subvención. Neste caso, a Institución deberá solicitalo expresamente e constituírse unha garantía do 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pagamento polo Concello, ben no primeiro pagamento anticipado ou ben sobre varios até alcanzar esta contía. Presentada a xustificación e non existindo responsabilidade pola parte da Institución, devolverase a cantidade retida no concepto de garantía.

Non se poderá realizar o aboamento da subvención ao beneficiario en tanto que non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou da Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN

Na xustificación, e consonte ao estipulado no artigo 50 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá achegarse:

- a) Informe dun auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.
- b) O auditor de contas deberá levar a cabo a revisión da conta xustificativa cun alcance do 100% dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio e dos ingresos que lles correspondan.
- c) A conta xustificativa incorporará, ademais da memoria de actuacións a que se refire o apartado 1 do artigo 48º deste regulamento, unha memoria económica abreviada que conterá como mínimo:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a subvención se outorgue con arranxo a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Un estado representativo dos gastos en que se incorreu na realización das actividades subvencionadas, debidamente agrupados, e, no seu caso, as cantidades inicialmente orzadas e as desviacións producidas.
 - Neste senso, o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit da mesma. No caso de que existan desviación á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, deberá reintegrarse a achega municipal unicamente polo importe que supere o custo total das actividades subvencionadas.
 - Certificación do secretario, co visto e praxe do presidente, das subvencións e outros ingresos que se xerasen co gallo das actividades subvencionadas con independencia do seu reflexo no balance.
 - No seu caso, a carta de pago do reintegro no suposto de remanentes non aplicados e mailos intereses derivados destes.
 - Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Texto refundido da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto realizouse con anterioridade á solicitude da subvención.
 - Certificado do secretario da entidade, co visto e praxe do presidente, no que se desagregue, por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da Institución, no caso de que se imputen gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta.

Naqueles casos en que o beneficiario estea obrigado a auditar as súas contas anuais por un auditor sometido á Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, a revisión da conta xustificativa levaraa a cabo o mesmo auditor

Área de Xustiza Social e Coidados

Servizo de Educación

No caso de que o beneficiario non estea obrigado a auditar as súas contas anuais, a designación do auditor de contas será realizada por él. O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

O beneficiario estará obrigado a poñer a disposición do auditor de contas cuantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixíbeis en aplicación do disposto na letra f) do artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, así como a conservalos ao obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Estímase aconsellable que todos os pagos relacionados coa finalidade da subvención se realicen, “preferentemente” desde unha única conta bancaria da entidade, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a entidade/persoa beneficiaria.

O Concello reservase o dereito a comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes na censura das contas.

OITAVA.- REINTEGRO DE CANTIDADES

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

9

NOVENA.- OBRIGATORIEDADE DO CONVENIO

As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio e manifestan que o seu incumprimento, por calquera das partes, dará lugar á rescisión deste.

DÉCIMA.- CARÁCTER DO CONVENIO

O presente convenio ten carácter administrativo e rexeráse pola normativa municipal e polo establecido na lexislación vixente na materia. Non leva consigo relación laboral de ningunha natureza entre o concello e a entidade participante neste nin co persoal contratado pola Institución.

Non cabe renuncia nin delegación de competencias que legalmente lle corresponden ao Concello á marxe das canles legais, non existindo posibilidade de transferir competencias que impliquen exercicio de autoridade a entidades privadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos de carácter persoal solicitados para a realización das actividades deste convenio obxecto de tratamento só poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas do cedente e do cesionario co previo consentimento do interesado tal como establece o artigo 11.1

Área de Xustiza Social e Coidados

Servizo de Educación

da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMO SEGUNDA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

O Concello resérvase a facultade de interpretar o presente convenio e resolver as cuestións que puidesen xurdir acerca do seu cumprimento ou incumplimento á vista do correspondente informe da comisión de seguimento.

DÉCIMO TERCEIRA.-DURACIÓN

O prazo de duración deste convenio entre o Concello e a Institución é improrrogable e establécese desde o 1 de xaneiro até o 31 de decembro de 2019.

En proba de conformidade, asínase este convenio, en exemplar duplicado, no lugar e na data que se indican a seguir.

A Coruña,

O Alcalde

O presidente da Real Institución Benéfico
Social Padre Rubinos

D. Xulio Ferreiro Baamonde

D. Eduardo Aceña García